



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Aprobación bases reguladoras da festa da Xuventude 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000462

ANTECEDENTES:

1. O informe emitido polo concelleiro de xuventude, considerando o éxito, en canto á organización e asistencia a festa da xuventude nas edicións anteriores no auditorio do parque do Pasatempo, o concello pretende organizar unha nova edición para o día 16 de maio do ano en curso.
2. Unha celebración deste tipo, que da comenzo pola tardiña e se estende á media noite, tendo en conta que non hai ningún local de hostalaría na zona, fai necesario a instalación dun posto adicado á venda de bebidas.
3. O concello pretende regular a venda de bebidas neste evento, para o que establece un tipo de posto único, adicado a venda de bebidas, que ocupará unha superficie máxima de 30 m², de solo público; polo que a concesión deste solo para o día 16 de maio de 2026 será obxecto de poxa pública.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais

CONSIDERACIÓNS

Considerando o disposto en canto á utilización de bens de dominio público nos artigos 84 e seguintes da Lei 33/03, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións públicas e 74 seguintes do Regulamento de bens das entidades locais.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Prestar aprobación ás seguintes Bases Reguladoras da convocatoria dunha poxa pública dun posto adicado á venda de bebidas, ocupando unha superficie máxima de 30 metros cadrados no auditorio do parque público do Pasatempo o día 16 de maio de 2026, con motido da celebración da Festa da Xuventude.

<<MODALIDADE, PREZO E SITUACIÓN.

1. Cualifícase o uso previsto como un uso especial do dominio público toda vez supón un uso intensivo con instalacións desmontables por parte do que resulte beneficiado, e dado que o número de espazos están limitados o outorgamento da ocupación está suxeito a autorización administrativa conforme o establecido nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O órgano competente para o outorgamento da autorización sobre a parcela é a alcaldía previa tramitación do correspondente procedemento de licitación e sen prexuízo das delegacións en outro órgano municipal.

2.- A concesión da ocupación terá unha vixencia dun día, o 16 de maio do 2026, para a montaxe e tempo de funcionamento. O día 17 de maio ás 12:00, deberá estar realizada a desmontaxe e a limpeza do espazo ocupado, que correrá por cargo da empresa adxudicataria.

3.- O prezo que os titulares das autorización para a ocupación do terreo público oferten constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de taxa pola ocupación do dominio público, que deberá aboarse conforme as Ordenanzas vixentes. Os prezos mínimos iniciais de licitación conforme ao artigo 4.5 da Ordenanza fiscal nº 15 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas e casetas de venta serán os seguintes (16,82 € x cada m2 de superficie da parcela):

-Posto de venda de refrescos, zumos, auga e cervexa de 30 m2 (tipo: 504,60€)

DURACIÓN DA OCUPACIÓN.

1.- A instalación do posto, unha vez adxudicado, poderá ser montado a partir das 9:00 do mesmo día de celebración do evento.

Un representante do Concello comprobará que a mercadoría exposta é a que foi aprobada previamente, que os prezos dos produtos están visibles; así como o cartel informativo de prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade.

2.- No caso de non ter montado o posto obxecto da adxudicación ás 16:00, perderanse automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.

3.- A adxudicataria non poderá proceder á montaxe do posto de venda ata que o representante do Concello non lle sinala a localización e os límites do terreo a ocupar.

6.- Cando por causas imputables ó beneficiario o dereito á utilización especial do dominio público autorizado non se leve a cabo non procederá a devolución do importe da taxa.

PROCEDEMENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS.

A autorización do uso especial do dominio público mediante ocupación temporal dos espazos sinalados realizarase mediante a convocatoria pública da poxa dun posto de venda de bebidas no auditorio do parque do Pasatempo o día 16 de maio de 2026, con motivo da celebración da festa da xuventude.

Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebración da feira.

Así mesmo os licitadores deberán atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Betanzos- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Betanzos. Poderán presentarse a este procedemento cooperativas e socios cooperativos individualmente se ben neste último caso o cumprimento de tódolos requisitos, en particular a alta no IAE e os seguros de responsabilidade civil deberán referirse ao solicitante (socio cooperativo).



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Os autorizados deberán ter cuberta a responsabilidade que xere a súa actividade para o que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil en vigor durante a celebración do evento e cunha cobertura mínima de 100.000 euros que incluíra a cobertura de produtos. A seguridade do posto de venda e da súa instalación será responsabilidade do propietario deste.

INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES.

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os desperfectos ocasionados a súa costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Betanzos na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado e quedará imposibilitado para participar nos procedementos para autorización da instalación de postos nas vindeiras edicións de este evento ou doutros que se celebren no parque do Pasatempo nos catro anos seguintes.

ANUNCIO DA POXA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACION O Concello de Betanzos publicará un anuncio da poxa no taboleiro do Concello.

As comunicacións, notificacións e envíos documentais aos licitadores realizaranse por medios electrónicos.

As ofertas serán entregadas en sobre pechado xunto cunha instancia ou modelo de solicitude que se proporcionará no Rexistro do Excelentísimo Concello de Betanzos, sito na Praza de Galicia s/n, 15 300 Betanzos, A Coruña; ou ben a través de correo certificado ao enderezo anteriormente expresado indicando claramente no sobre “Poxa dun posto na festa xuventude 2026”

O prazo de presentación de ofertas será de cinco días hábiles, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria da subasta no taboleiro de anuncios do Concello, rematando o prazo ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os interesados en participar presentarán UN SOBRE asinado polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (Autorización da instalación dun posto de bebida no Pasatempo o día 16 de maio do 2026_Festa da Xuventude), nome do interesado, dirección, teléfono e correo electrónico para os efectos de notificacións.

O sobre denominarase coa letra C:DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA

- ANEXO I destas Bases debidamente cumprimentada (declaración responsable e oferta económica).

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES PROPOSTOS

Tras a valoración dos sobres, a alcaldía, como órgano de contratación, elevará unha proposta cos mellores licitadores. Os licitadores propostos para adxudicación, solicitarase que presenten a seguinte documentación:

- DNI da/o licitadora/or, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.
- Certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non ter débedas con este organismo.
- Certificado en vigor expedido pola Seguridade Social de non ter débedas con este organismo. Estes certificados deberán estar vixente no momento da celebración do evento, polo que se terá en conta a data da súa expedición para comprobar a súa vixencia (lémbrese que estes certificados teñen unha vixencia de seis meses dende a expedición).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Copia da alta no epígrafe correspondente do I.A.E. e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.
- Presentación da póliza e recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil esixida.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

1.- Oferta económica (entre 0 e 100 puntos). Obterá a máxima puntuación neste apartado (100 puntos) a/o licitadora/or que oferte o prezo máis alto para a parcela, tendo en conta as características especificadas nestas bases. Obterán 0 puntos aqueles licitadores oferten a taxa mínima considerada como tipo inicial de licitación e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

As/os licitadores que oferten un prezo inferior ó tipo mínimo fixado nestas bases quedarán excluídos do procedemento.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O acto público de apertura das proposicións dos interesados celebrárase o día 26 de marzo ás 12:00, no salón azul, ubicado no edificio Liceo, praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos.

O departamento de contratación, unha vez abertas as ofertas en acto público, procederá á puntuación das mesmas e a Alcaldía por resolución, adxudicará o posto á proposta que acade maior puntuación. Este acordo ou resolución notificarase ós interesados. A adxudicación quedará condicionada, se é o caso, á presentación da documentación sinalada na cláusula oitava deste prego administrativo.

Nestes casos na resolución de concesión da autorización indícarase o prazo para a xustificación dos ditos requisitos que en todo caso terá como data límite dez días naturais anteriores ó inicio do evento.

O prezo ofertado (taxa) ingresarase nos prazos que se indiquen na resolución en virtude do cal se concede autorización para a instalación do posto. De non aboarse o importe ofertado nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.

DEREITOS E OBRIGAS.

1. Dereitos. Os adxudicatarios terán dereito á utilización do dominio público exclusivamente para o exercicio da actividade de postos de venda de hostalería, de acordo co establecido nestas bases.

2.Obrigas. Os autorizados deberán instalar o posto de venda na parcela adxudicada, quedando prohibido calquera traspaso ou cesión do dereito sen prexuízo de que a atención directa ao público se realice por persoa distinta ó autorizado.

- Os autorizados observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- Os autorizados respectarán os horarios de apertura do mercado.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adaptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ó establecido para o funcionamento.
- O autorizado cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- Os autorizados están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- Os autorizados deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado o posto, a parcela deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade. O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ningunha para a administración contratante. O Concello de Betanzos resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicitase calquera dos seus departamentos.

PROHIBICIÓNS.

Ó montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Ó montar e desmontar o posto durante a celebración da festa.
- Acumular desperdicios no exterior do posto de venda.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- O uso de megafonía sen autorización do Concello.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación e perdendo o dereito a participar no procedemento de licitación en anos posteriores.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

Os/as adxudicatarios/as están obrigados a servir as bebidas en vasos de cartón, co fin de evitar o uso de cristal no parque.

Os/as adxudicatarios/as da explotación do posto citado que precisen instalación eléctrica de carácter trifásico deberán achegar o boletín de industria correspondente, así como o contrato coa compañía eléctrica, unha vez teñan adxudicado o posto.

Queda terminantemente prohibida a venda de alcohol a menores de idade

Establécense os seguintes prezos máximos de venda dos produtos para a edición do ano 2026

a) prezo máximo das cervexas e refrescos 2,00 euros. Prezo máximo da auga mineral 1,20 euros.

Horario de apertura: 17:00 horas

Horario de peche: 02:00 horas

O incumprimento de calquera das condicións establecidas pola organización deste evento (venta de bebidas non permitidas, utilización de envases non permitidos, comportamento indebido dos postos ou das persoas que os atenden, exceso nas medidas do posto,) poderá significar a inhabilitación para participar en posteriores convocatorias de adxudicación de postos para a Festa da Xuventude, logo da apertura de expediente para tal efecto.

INFRACCIÓNS.

Sen prexuízo da extinción da autorización polos motivos sinalados na cláusula décimo primeira, o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula décimo segunda ou a comisión dalgunha das prohibicións sinaladas anteriormente dará lugar á imposición de sanción consistente na perda do



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

dereito a participar en procedementos de licitación posteriores ademais da indemnización dos danos e prexuízos causados.

EXTINCIÓN DA LICENZA.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ao propio Concello nin a outros adxudicatarios.
- Por resolución do Concello cando:
 - Por falta de pago das taxas e o prezo ofertado nos prazos establecidos
 - adxudicatario/a non aboe os danos causados nin as sancións impostas.
 - adxudicatario/a se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
 - Exista incumprimento das obrigas de adxudicación sinaladas na cláusula décimo primeira ou a comisión das prohibicións a que se refire a cláusula décimo segunda.

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe do empregado público responsable da coordinación do evento, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario.

A extinción culpable da licenza dará lugar á inhabilitación para ser adxudicatario/a dun posto de venda na Festa da Xuventude de Betanzos durante os próximos catro anos e a orde de levantamento e desmontaxe do posto de venda de mercadorías, todo isto sen prexuízo de esixirle ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.

ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN XURADA E OFERTA ECONÓMICA

Nome e apelidos, DNI.....,
en representación da empresa....., CIF.....,
con enderezo na rúa, nº, localidade.....
provincia.....e código postal.....teléfono.....
e dirección de correo electrónico, a efectos de notificacións.....

En relación co procedemento de LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DUN POSTO DE BEBIDAS NA FESTA DA XUVENTUDE A CELEBRAR NO PARQUE PASATEMPO DE BETANZOS O DÍA 16 DE MAIO DO 2026, declaro:

- 1.-Aceptar total e incondicionalmente as obrigas e dereitos establecidos nas Bases reguladoras do procedemento de autorización sendo coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.
- 2.-Cumprir coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- 3.-Comprométome a presentar a póliza do seguro de responsabilidade civil esixida nas Bases reguladoras do procedemento así como a xustificación do pagamento do recibo correspondente e demais documentación esixida no prego administrativo.
- 4.-Que está o corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Betanzos e coa Seguridade social autorizando a acceder ós meus datos de carácter persoal relativos ó cumprimento das miñas obrigas tributarias co Concello de Betanzos para a súa comprobación de oficio.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

5. Solicito participar no mesmo coa seguinte Oferta

-Posto de venda de bebidas de cervexa, refrescos sen gas e auga mineral no Parque do Pasatempo (16,82 € x cada m2 de superficie da parcela), de 30 m2 (tipo: 504,60€)

En _____, a ____ de _____ de 2026

Asdo: _____
(Nome e selo da empresa)

SEGUNDA. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).